

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 6 DE NOVEMBRO DE 2020

1. **Ratificación da urxencia da convocatoria.** Ratifícase a urxencia.
2. **Proposta da concelleira delegada de Políticas de Igualdade, relativa á adxudicación do contrato “Prestación do servizo para a Coordinación e Funcionamento da Casa das Mulleres Xohana Torres”.** CON/19/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Desenvolvemento Local Galego SL por **importe de 47.976,5 euros, IVE engadido** (39.650 euros máis 8.326,5 euros do 21% de IVE), dividido en dúas anualidades (2020 e 2021), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. En concreto, compromete un incremento de xornada do 60% para a coordinadora e do 80% para a técnica de igualdade, e 12 accións formativas para o persoal de 16 horas de duración.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, nun 80%, sendo o 20% restante con cargo á dotación económica municipal.

3. **Proposta do concelleiro delegado Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato das obras recollidas no proxecto “Reconstrucción muro na rúa Costiña do Monte”.** CON/49/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Construcciones D. Ogando, SL, por un importe de **89.298,88 euros, IVE engadido** (73.800,73 euros máis 15.498,15 euros do 21% de IVE), dividido en dúas anualidades (2020 e 2021), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. En concreto, compromete un xefe de obra técnico titulado superior con dedicación total, dous técnicos adicionais, unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do programa de actuación ambiental. O prazo máximo de execución do contrato será de catro meses e contarase dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación da implantación.
4. **Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, relativa á adxudicación do contrato “Execución das obras recollidas no proxecto Prolongación da beirarrúa**

marxe pares (este) da Rúa do Tambre entre Meixonfrío e o polígono do Tambre” (POS-2015 Adicional 1)”. CON/29/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Alcomte Galicia, por un importe de **256.933,99 euros, IVE engadido** (212.342,14 euros máis 44.591,85 euros do 21% de IVE), dividido en dúas anualidades (2020 e 2021), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

5. **Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, relativa á adxudicación do contrato “Execución das obras recollidas no proxecto Rexenración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa Teresa de Jornet”. (POS + 2019 CON/4/2020.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Explotaciones Gallgas, por un importe de **174.982, IVE engadido** (144.613,22 euros máis 30.368,78 euros do 21% de IVE), dividido en dúas anualidades (2020 e 2021), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.
6. **Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, relativa á devolución da fianza para responder do contrato de “Obras de aplicación de medidas correctoras para o Estadio Municipal de San Lázaro segundo estudo integral de patoloxías Fase I e II” CON/41/2016.** Acórdase a devolución da fianza constituída pola empresa Construcciones Taboada y Ramos SL, por importe de **20.117,9 euros** depositada para responder das obrigas derivadas do citado contrato de obras.
7. **Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato “Execución das obras recollidas no proxecto “Senda peonil e reforzo da calzada en Paredes de Laraño”. POS + 2019/ADICIONAL 1.2ª fase.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Obras y viales de Galicia SL, por un importe de 126.420 euros, IVE engadido (104.479,34 euros máis 21.940,66 euros do 21% de IVE), cunha duración dun ano e dividido en dúas anualidades (2020 e 2021); ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.
8. **Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, relativa á devolución da fianza para responder do contrato de “servizo de deseño, produción, montaxe e realización de espectáculos nocturnos das Festas do Apóstolo 2019 da cidade de Santiago de Compostela” CON/7/2019.** Acórdase a devolución da fianza constituída pola empresa Acciona Producciones y Diseño SAU, por importe de **10.649,3 euros**, depositada para responder das obrigas derivadas do citado contrato.
9. **Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, relativa á devolución da fianza para responder da contratación dun acordo de licenciamiento do “ELA Smail Government ESRI” para o concello de Santiago de Compostela, CON/48/2015 .** Acórdase a devolución da fianza constituída pola empresa ESRI España Soluciones Geoespaciales, SL, por importe de **3.750 euros**, depositada para responder das obrigas derivadas da citado contrato.
10. **Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Contratación Persoal e Modernización da Administración Local, relativa á adxudicación do contrato “Servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago”. CON/34/2018.** Apróbese o compromiso de gastos para as anualidades 2020, 2021 e 2022; e acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ISS Facility Services, por un importe **de 2.654.740 euros, IVE engadido** (2.194.000

euros máis 460.740 euros do 21% de IVE), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. En concreto, compromete un abono dos gastos de desprazamento do persoal e unha bolsa de 500 horas gratuítas a disposición do concello.

11. **Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato de “Mellora e acondicionamento do Centro Sociocultural da Peregrina. POS + 2019. Con/34/2019.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Alcomte Galicia SL, por un importe de **104.323,07 euros, IVE engadido** (86.217,41 euros máis 18.105,66 euros do 21% de IVE), dividido en dúas anualidades (2020 e 2021), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.
12. **Proposta da concellaría delegada de Economía e Facenda, relativa á devolución da fianza para responder do contrato de “Prestación do servizo de dotación de infraestruturas, loxística, persoal e sinalética” do evento denominado Festa do Deporte 2019. CON/37/2019.** Acórdase a devolución da fianza constituída pola empresa Serviplustotal SL, por importe de 1.499 euros, depositada para responder das obrigas derivadas do citado contrato.
13. **Proposta da concelleira delegada de Políticas de Igualdade, relativa á adxudicación do contrato “Servizo para a implementación do programa Compostela territorio das mulleres”. CON/70/2018.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Atlántic Ponte 2000 SLU por un importe de **71.992,58 euros, IVE engadido** (59.498 euros máis 12.494,58 euros do 21% de IVE), dividido en dúas anualidades (2020 e 2021), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. En concreto, compromete unha coordinadora 100% da xornada, unha técnica de igualdade ao 47/5% da xornada e unha persoa responsable de comunicación ao 47/5% da xornada, dez accións formativas para o persoal de 16 horas de duración e a contratación de 5 persoas de colectivos desfavorecidos.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, nun 80%, sendo o 20% restante con cargo á dotación económica municipal.

14. **Proposta da alcaldía relativa ao cambio de titularidade das casillas NCE133 e NCCE134 dunha particular a favor da sociedade unipersoal CAMBOÑANA S.L.” SRB/283/2020.** Apróbase o cambio de titularidade a favor da citada sociedade.
15. **Transmisión licenza de taxi número 75, a favor dunha particular, por falecemento de seu pai, titular legal da mesma. SRB/724/2020** Acórdase a transmisión da licenza número 75, condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular, que no prazo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última deberá dar inicio efectivo ao exercicio da actividade.
16. **EDUCACION. Referencia. 2020/00000140G. Aprobación dun convenio de colaboración co IES ROSALÍA DE CASTRO, relativo ao Bacharelato Internacional.** Apróbase o convenio mediante o cal o concello de Santiago de

Compostela aportar unha cantidade de 6.208 euros para sufragar os custos desta modalidade de ensino.

17. EDUCACION. Referencia. 2020/000001055. Aprobación dun convenio de colaboración coa USC. Apróbase o convenio mediante o cal o concello de Santiago de Compostela achega unha cantidade de 1.000 euros para sufragar os custos do deseño, impresión e distribución do material divulgativo do Proxecto “Destacando na Ciencia, 2020”, do programa universitario de maiores IV Ciclo dirixido ao alumando matriculado no mesmo.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia 2020/00000373F. Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada pola COVID19. Acordouse:

- En relación coa prestación do servizo de transporte público urbano de viaxeiros acordouse dar cumprimento á previsión do artigo 3.25 da orde da consellería de Sanidade, do 4 de novembro de 2020; e comunicar ás empresas de servizos que deben dar cumprimento aos apartados a), b) e c), dese artigo.

3.25. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, quedan establecidas do seguinte modo:

a) Nos vehículos que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros con reserva de praza, poderase ocupar a totalidade dos asentos reservados, garantindo no resto de prazas que non se ocupen asentos contiguos, agás no caso de persoas que convivan na mesma unidade familiar ou habitacional.

b) Nos vehículos que realicen transporte regular de uso especial de escolares, poderase ocupar a totalidade dos asentos.

c) Nos vehículos e embarcacións que dispoñan de asentos, garantirase que non se ocupen asentos contiguos, agás no caso de persoas que convivan na mesma unidade familiar ou habitacional.

d) Nos vehículos e embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé, procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, establecéndose como límite de ocupación máxima a dunha sexta parte das prazas de pé en vehículos de clase I e A, e dunha sexta parte das ditas prazas de pé nos de clase II.

- En materia de educación, acordouse suspender as actividades organizadas polas ANPAS ao marxe do proxecto educativo, ou que non fosen supervisadas pola dirección do centro.
- En relación co Mercado de Gando, solicitouse un informe urxente ao servizo de contratación para valorar a súa continuidade.
- As medidas de aplicación no ámbito do deporte respecto do uso e ocupación das instalacións deportivas municipais que se están a xestionar a través do Departamento de Deportes, son as seguintes:
 - Manter abertas as instalacións deportivas municipais unicamente para a práctica de actividade deportiva federada, individual ou colectiva, sempre que se adopten por parte das entidades solicitantes/usuarias as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. En consecuencia, haberá que estar ao disposto nos protocolos federativos aprobados segundo o modelo Fisicovid-Dxtgalego e cumprir co Protocolo básico de actuación de uso das instalacións deportivas municipais durante a incidencia da COVID-19.

Non obstante, nos vindeiros días farase unha análise individualizado das ocupación actuais.

- Permitir a celebración de adestramentos e competicións deportivas oficiais nas instalacións deportivas municipais sempre que estos se desenvolvan sen público e dispoñan dun protocolo específico para a súa organización que teña en conta as normas de aplicación das autoridades deportivas e sanitarias. A organización de eventos puntuais estará supeditado a unha valoración previa, non sendo inicialmente obxecto de valoración neste momento.

Todo o anterior, estará supeditado aos cambios e modificacións normativas que poidas xurdir como consecuencia da evolución epidemiolóxica provocada pola COVID-19.

- En relación aos departamentos de Centros Socioculturais, Cultura, Políticas de Igualdade e Políticas sociais, así como Centro Xove, mantense a programación prevista.